



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES REGULADORAS DA INSCRICIÓN NA ACTIVIDADE ARTE PLASTICO **PARA ADULTOS DO CONCELLO DE BARBADAS**

Artigo 1. Obxectivo e ámbito de aplicación.

As presentes bases regularán o proceso de inscrición na actividade de “Arte Plástico” organizado polo Concello de Barbadás.

Artigo 2. Destinatarios.

A actividade lúdica está dirixida a poboación adulta, maiores de 18 anos.

Artigo 3. Lugar de desenvolvemento.

A actividade desenvolverase no local municipal sito na Rúa Ensino nº5 (A Valenzá).

Artigo 4. Nº de prazas ofertadas.

Para que se leve a cabo a actividade lúdica será preciso un número mínimo de 5 persoas e un máximo de 12 persoas.

Artigo 5. Horario e calendario.

A actividade comezará en novembro do 2022 e rematará en maio do 2023.

Horario:

- Martes: 10:00 – 11:30 horas.
- Xoves: 16:00 – 17:30 horas.

Artigo 6. Criterios de adxudicación.

- Cada solicitante só poderá inscribirse nunha quenda.
- No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa.
- No caso de que o número de prazas solicitadas si supere o número de prazas ofertadas, resolverase usando como criterio, o resultado obtido o 23 de febreiro de 2022 do Sorteio anual de letras de prioridade para resolver





CONCELLO DE BARBADÁS

os empates no procedemento de admisión de alumnado para o curso 2022/2023 (artigo 29 da Orden do 12 de Marzo de 2013). As letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido son: “V” e “U”; así mesmo afectan ao segundo apelido as letras: “A” e “Z”.

Artigo 7. Prazos e lugar de presentación de inscricións.

O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día 21 de outubro ata o día 27 de outubro de 2022 (ámbolos inclusive).

A solicitude debidamente cumprimentada deberá presentarse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>.
- De forma presencial no rexistro (Casa do Concello 988 36 00 00, Oficinas A Valenzá 988 39 31 68).
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do Concello (www.barbadas.es) e na Casa da Cultura Manuel María.

Artigo 8. Publicación dos admitidos/excluídos.

O listado de admitidos/as publicarase o día 28 de outubro de 2022 na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es), e nos taboleiros de anuncios do Concello e das oficinas municipais da Valenzá.

Artigo 9. Solicitudes de alta fora de prazo de inscrición.

Estarán suxeitas ás prazas dispoñibles. De non existir praza, pasarán a formar parte da lista de espera.

Artigo 10. Custo do servizo.

A actividade “Arte plástico” é de balde, está subvencionado polo Concello de Barbadás.





CONCELLO DE BARBADÁS

Artigo 11. Chamamento por lista de espera.

No suposto de que quedasen prazas vacantes, chamarase por rigorosa orde aos solicitantes en lista de espera. Realizarase un máximo de 2 chamadas, de non ser posible a comunicación telefónica, chamarase ao seguinte solicitante da lista.

A participación na actividade “Arte plástico para adultos” supón a aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito de realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento da actividade





CONCELLO DE BARBADÁS





CONCELLO DE BARBADÁS

